

Á SECRETARÍA XERAL

DO PLENO DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

As 14 deputadas e deputados que conformamos o Grupo Popular da Deputación de Ourense, para a súa lectura pola secretaría Xeral, no pleno extraordinario convocado a celebrar o 3 de novembro de 2015, acreditada a existencia de quórum para o inicio e desenvolvemento do mesmo, comunicamos que non participaremos no espectáculo lamentable en que queren converter o pleno desta institución os grupos minoritarios debatendo sobre unha cuestión persoal que afecta de modo grave á honorabilidade do presidente e que nada ten que ver coas funcións deste plenario. Por dita razón facemos públicas as seguintes CONSIDERACIÓNS

1. Diante da miserable, ruín e rastreira pantomima política na que os grupos Socialista, Democracia Ourensana e BNG, con representación nesta cámara, queren converter o pleno da Corporación Provincial, facendo deste foro de debate político un indigno espazo de enfrontamento levado ao terreo persoal, o grupo Popular tomou a determinación de non asistir á sesión plenaria do día de hoxe porque os deputados e deputados que asinan este comunicado nunca se prestarán a facer “política basura” nin tiveron, teñen, nin terán intención de facer nunca ningún ataque de tipo persoal aos membros da alternativa de goberno, por entender que a representación que nos outorgaron os cidadáns da provincia de Ourense merece ser realizada con dignidade, educación e respecto, algo do que semella carece quen se presta a este desesperado intento de xogar a xuíz sen toga para, lonxe da sana práctica da política con maiúsculas, que debe buscar o



- benestar da cidadanía, amosar a máis deleznable baixeza moral que un ser humano pode exhibir.
2. Política, democracia e debate son as tres palabras da esencia da representatividade dos pobos. Tres elementos que se poden tornar perversos e canallescos cando, como no caso que nos ocupa, aqueles que se dan en chamar dignos representantes dos electores rebózanse nas súas miserias para tentar gañar un puñado de votos ou para tentar acadar, a través das máis nauseabundas artimañas, algo que os cidadáns lles negaron nas urnas.
 3. Dende a máxima responsabilidade que nos honra ostentar ao fronte do goberno provincial rexeitamos e rexeitaremos tantas veces como sexa necesario esta forma de facer política que amosan os tres grupos da alternativa de goberno representados neste plenario: Socialistas, Democracia Ourensana e BNG, por entender que dende ningún punto de vista, político ou humano, se pode chegar a comprender semellante grao de maldade e perversión no desempeño do labor político, traspasando todos os límites do ámbito político para adentrarse en planos persoais, sen ter en conta o mínimo respecto polas persoas nin as consecuencias que pode ter esta cega ambición que os move, sen outro motivo máis que tentar acadar o poder causando dano no máis amplo sentido da palabra a persoas que representan nesta asemblea o ideario de traballar dignamente polo progreso e o benestar da provincia de Ourense.
 4. De todos os xeitos, o grupo Popular na Deputación de Ourense seguirá firme defendendo con determinación, rotundidade e argumentos cabais



GRUPO PROVINCIAL
Popular

todas aquelas cuestións que sexan de intereses para os cidadáns da nosa provincia aínda que na fronte, nas bancadas que ocupan os representantes da alternativa de goberno, no haxa en moitas ocasións máis que resentimento e un desmedido afán de poder a costa do que sexa. Ourense e os ourensáns se por algo se caracterizan é por ser un pobo sacrificado, mesurado e traballador, e o que menos queren os nosos concidadáns é ver aos seus representantes políticos embarrados en vergoñentos espectáculos como o que hoxe Socialistas, Democracia Ourensana e BNG escenifican, espectáculo no que, por respecto á cidadanía, o Grupo Popular non vai participar.

Asinado:

ANA VILLARINO PARDO

ANTONIO MONTERO FERNÁNDEZ

JORGE PUMAR TESOURO

JOSÉ ANTONIO FEIJÓO ALONSO



GRUPO PROVINCIAL
Popular

JOSÉ MANUEL BALTAR BLANCO

JUAN ANTA RODRÍGUEZ

MANUEL DOVAL SOTO

MARÍA CONSUELO VISPO SEARA

MIGUEL ANTONIO CID ÁLVAREZ

MONSERRAT LAMA NOVOA

PABLO PÉREZ PÉREZ

PLÁCIDO ÁLVAREZ DOBAÑO

ROSENDO LUÍS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ

TERESA CERDEIRA VALIÑAS